


# ACTIVIDADES MUSICAIS

Eu quedo na casa!



# RECORDADE: SON ACTIVIDADES VOLUNTARIAS

Todas estas actividades podedes gravalas ou sacarlles unha fotografía e envialas ao seguinte e-mail:


[bolboretafeiticeira@gmail.com](mailto:bolboretafeiticeira@gmail.com)

(e-mail da profe de música, Bea)

Agradecemos que indiquedes o voso nome e a clase a que pertencedes ou o nome da titora.



# 1. SEMANA DO LIBRO



Como sabedes esta semana é a Semana do Libro polo que para comezar propoñemos esta canción que anima a imaxinar historias a través da lectura de contos.

Esperamos que vos guste e poidades seguir o ritmo xa que é moi marchosa.

[https://www.youtube.com/watch?v=x\\_Wf33nJ9Ug](https://www.youtube.com/watch?v=x_Wf33nJ9Ug)

**O LIBRO MÁXICO  
MIGALLAS  
"CANTA CONNOSCO"**



## 2. MANUALIDADE: XILÓFONO



Nesta ocasión aproveitaremos a manualidade feita a semana pasada as “Botellas Afinadas” pero cambiáremoslle o nome a BOTELLÓFONO (Botellas + Xilófono).


Así viaxaremos a África ao son de “Xa choveu” de Lydia Botana. Tedes a coreografía no seguinte enlace para bailar ao seu compás acompañados dun xilófono ou do botellófono.

**A BAILAR!**

<https://www.youtube.com/watch?v=j4OMKyqo5SI>



### 3. CONTACONTO MUSICAL: MIAU




Esta semana o conto cantado é MIAU e podedes escoitalo no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=UVt93MS-H9Q>

Animámosvos a facer todos os personaxes do conto aproveitando os tubos do papel hixiénico e recrear a historia coma se fosen marionetas.



## 4. XOGO DE MANS



Esta semana traemos un xogo de mans chamado

- PICA PIEDRA -

Tedes que practicar primeiro o movemento e logo xa estaredes listos para facer toda a canción.

A ver que tal o facedes!

<https://www.youtube.com/watch?v=UQ34zIP3gsE>



## 5. MARCANDO O RITMO

# *"The Clap Clap Song"*

Seguimos marcando ritmos con esta canción que xa practicamos na clase nalgunha ocasión.

Varias propostas:

- Ritmo con palmas
- Ritmo coas mans nas pernas
- Ritmo con algún instrumento
- Ritmo con obxectos



<https://www.youtube.com/watch?v=SruVR2fBQWE>

## 6. CANCIÓN EN LSE




Todos coñecemos esta canción xa que antes de contar un conto sempre a cantamos.

Como dixemos é a Semana do Libro polo que antes de contar un contiño na casa animámosvos a cantar o retrouso desta canción..

“Pois imos contar un conto un conto moi especial”

<https://www.youtube.com/watch?v=pQNXoASTSow&t=39s>

Desfrutádea e lede moito!





## 7. ADIVIÑA SONS



Esta actividade xa sabedes que require moita concentración. Nesta ocasión tedes que adiviñar os sons que emiten os animais. Intentade só escoitar, sen mirar o vídeo, xa que vos dan pistas mostrando a sombra. Hai dous vídeos, son dúas partes. Podedes practicar cada un dos sons a ver se podedes repetilos.

Parte 1: <https://www.youtube.com/watch?v=8sb2QTew-bA>

Parte 2: <https://www.youtube.com/watch?v=p6uzxgPmKy4>

